



Os direitos das NENAS e dos MENOS



@burbullasdePT



Que é un dereito?

É un conxunto de normas que protexen aos nenos e as nenas ata certa idade.

Todos os **dereitos** da infancia non se poden quitar nin se pode renunciar a eles, polo que ningunha persoa pode vulneralos ou descoñecelos baixo ningunha circunstancia.



Calos son os dereitos dos nenos?



20 Dereitos recoñecidos.

Entre os máis importantes
están....



@burbullasdePT



Dereito á vida, á supervivencia e ao desenvolvemento.



Actividades



Visionado de vídeo que aparece no link e posterior debate coas NENAS e NENOS da aula sobre as diferencias que se ven na parte esquerda e dereita da proxección.

[Anexo](#)



@burbullasdePT

2 Direito à identidade.



Actividades



Elaboramos o noso Documento de Identidade. Todos nos anexos un modelo para cubrir, nome e apelidos, lugar de nacemento e data de mesmo, enderezo....

Farémolos reflexionar sobre o por que do seu nome, cal é a súa nacionalidade e en función de que ven esta última.

Anexo



@burbullasdePT

3

Dereito á NON discriminación



Actividades



Imos a xogar.

Cada parella de alumnos/as terá un cartel onde poñeremos diferentes situacións que pode vivir unha persoa.

Cada compañeiro deberá aportar a súa opinión respecto á pregunta que se reflicte en cada un deles.

Anexo

@burbullasdePT



4

Dereito á saúde, coidado e á protección.



Actividades:



Visitamos ao noso pediatra, ao noso dentista ou a o noso especialista.

Para isto, tedes unha ficha nos anexos para que cada nena e neno cumprimente e se faga responsable das súas citas.

Falaremos sobre o dereito á saúde de calquera persoa e de como poderíamos salvar a vida de moitos e moitas se facemos as cousas ben despois o vídeo anexado.



@burbullasdePT

Anexo



5 Dereito á diversión e á aprendizaxe



Xoga



@burbullasdePT



Dereito á participación activa na comunidade.



Actividade



Nesta actividade o alumnado deberá facer unha listaxe de todo o que consideran que eles como nenos poderían aportar as súas cidades, vilas ou aldeas co fin de mellorar a convivencia. É importante que lles fagamos reflexionar sobre que é iso da convivencia.





Dereito á liberdade.



Actividades:

Deñemos cor a nosa liberdade.

Cada neno/a debuxará o que representa para el/ela a liberdade.

Explicarán ao resto de alumnos que debuxaron e farase unha pequena exposición dos mesmos nas aulas ou nos corredores de modo que as diferentes clases poidan ver e aínda que sexa en zonas menos accesibles

Farase unha pequena reflexión previa para que entendan o que é este dereito e o que implica.



@burbullasdePT

8

Dereito a opinar e aprender a respectar.

Actividades:

Xogamos a Aprender a escoitar e aprender a respectar.

Non hai un número mínimo para xogar, pero como se trata de opinar un mínimo 4 persoas fará o xogo máis divertido. Aquí o máis difícil e importante será escoller as preguntas que sentarán a polémica. Por exemplo:

Se poideras escoller a alguén quen serías?

Se foras rico, Como gastarías os cartos?

Se foras a mestra/e, Como te comportarías na clase? ...

Buscaremos que expresen como ven a vida e que escoiten aos demais respectando as súas opinións.



@burbullasdePT





Dereito á vida en familia.

Actividades:

Conto: “MILU” de Kalandraka

Relátanos as vivencias dunha nena en apuros. Cando o seu pai deixou de cantarlle e a súa nai deixou de ter expectativas, unha tele converteuse na súa única compañía.

Milu é a voz e a imaxe de moitos nenos e nenas que padecen situacións de desvantaxe social e non poden disfrutar do seu dereito a vivir en familia.

Á súa historia recordaranos que existe un lugar para a esperanza.

Ficha árbol xenealóxico



@burbullasdePT



Dereito á inclusión de nenos e adolescentes con discapacidade.

Actividades:

O conto narra a historia de Nico, que chega novo ao colexio de María. María ve moito máis alá da súa discapacidade e coa axuda dunhas cordas, idea a maneira de que Nico poida facer o mesmo que ela, a pesar das súas limitacións. Nico e María fanse amigos inseparables.

Fomenta o recoñecemento da discapacidade, a empatía, a amizade, o respecto...

Anexo



@burbullasdePT





Dereito á educación.

Actividades:

“Letras en los cordones”

É un conto doce que, a modo de diario, evoca a infancia, a escola e o contacto primeiro cos libros, á porta do saber, o pasaporte a outros mundos imaxinarios; 'Flor xa sabe ler, di que as letras, que a min me parecen uns debuxos moi difíciles de entender e de xuntar, son contadoras de cousas e que cando aprendes a ler é como se te contaran contos'.

Anexo



@burbullasdePT

12 Dereito á intimidade.

Actividades:

Lectura e comprensión do conto

“Jamina, a xirafa curiosa”.

Faremos reflexionar ao alumnado sobre a importancia de non meternos na vida dos demais e que todos e todas temos dereito a nosa intimidade.

Anexo



@burbullasdePT

13 Dereito á participación.

Actividades:

Canción sobre o dereito á
participación como membro dunha
casa, dun colexio ou dun barrio.

Anexo



@burbullasdePT

14

Dereito á liberdade de expresión e de acceso á información.

Actividades:

Lectura e comprensión do conto

“Pepito o Agapornis”.

Este conto trata dunha nena que ten un loro como mascota, sen embargo, un día o loro decide voar e recuperar a súa liberdade.

É perfecto para falar de que significa a liberdade e como utilizala sen interferir na dos demais.



@burbullasdePT

Anexo

15

Dereito a unha vida libre de violencia e á integridade persoal.

Actividades:

Lectura e comprensión do conto

“Adeus á lei da selva: o león”.

Faremos reflexionar ao alumnado sobre a importancia de respectar aos nosos iguais e non exercer ningún tipo de violencia sobre ninguén.

Podemos introducir o tema de acoso e os tipos de violencia.

Anexo



@burbullasdePT

16

Dereito ao descanso e ao esparcemento.

Actividades:

Lectura e comprensión do conto
“O neno xigante”.

Faremos reflexionar ao alumnado sobre a importancia de non xulgar pola aparencia ademais de falarlles da explotación infantil e o dereito dos nenos/as a descansar.

Anexo



@burbullasdePT



17

Dereito á liberdade de convencións éticas,
pensamento, conciencia, relixión e cultura.

Actividades:



Lectura e comprensión do conto
“Que calor fai na Antártida”.

Faremos reflexionar ao alumnado sobre a importancia de
respectar aos demais veñan de onde veñan e de teñan a cultura
que teñan.

Anexo



@burbullasdePT

Deberes da infancia

Ter respecto polos maiores.

Axudar nas tarefas da casa.

Respectar as opinións e costumes doutros.

Coidar o seu corpo, pensamentos e sentimentos.

Ter unha conduta adecuada no fogar e na escola.

Deben dicir sempre a verdade actuando con xustiza.

Protexer e promover os coidados ao medio ambiente respectando a natureza.

Ter respecto polos seus semellantes. Respectar aos demais; sen importar sexo, raza ou país de procedencia, condición económica ou discapacidade.



@burbullasdePT

DOCUMENTO DE IDENTIDADE



Foto

Nome:

Apelidos:

Data de Nascimento:

Lugar de Nascimento:

Nacionalidade:



@burbullasdePT



Data de emisión:

Data de Vencemento:

Sinatura do interesado/a:



MOSTRE O SEU DOCUMENTO NO ACESSO A ESPAZOS
RESTRINXIDOS



Ten un problema visual e non pode atopar o seu libro de Ciencias.

Como lle axudas?



Non pode coller o libro da biblioteca que está na última balda.
Como lle axudas?



Teño unha man ortopédica e non pode xogar a algúns xogos.

Como me podes axudar?



Teño un problema visual e cústame ver a pizarra de lonxe.

Como me podes axudar?



Sen Musulmana e non como corde. Temos de comer pizza.
Poderei comela eu?



As veces son demasiado impulsivo pero pásoo mal se che fago dano.

Como me podes axudar?



Sen galega igual que a vós
pero moitos nenos métense
comigo pola miña cor de pel.
Que pode facer?



Non entendo o teu idioma pero
quero ser a túa amiga e xogar
con todas e todos os da clase.
Como me podes axudar?



Os meus pais traballan todo o
dia fóra e non están comigo.
Sintome moi solo.
Como me podes axudar?



Todos os meus compañeiros
saben ler pero a min cústame
un montón.
Como me podes axudar?



Os nenos da clase métense
comigo porque son adoptada,
non entenden que as familias
son diferentes.
Como lle explico?



Non son capaz de sacar as
mates adiante porque son
aburridas.
Como me podes axudar?

